

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INORDE) PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO TREVINCA-VALDEORRAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Trevinca-Valdeorras que inclúe a realización das actuacións nas seguintes liñas de acción:

		ORZAMENTO	ATG	ENTIDADE BENEFICIARIA
LIÑA DE ACTUACIÓN A. PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE PRODUTO				
Actividade A.1	Creación dun directorio de festas tradicionais e exaltacións gastronómicas	10.000,00€	7.692,31€	2.307,69€
LIÑA DE ACTUACIÓN B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO				
Actividade B.1	Promoción destacada do Destino na plataforma Escapadarural.com	3.112,80€	2.394,46€	718,34
Actividade B.2	Comunicación dixital.	21.000,00€	16.153,85€	4.846,15€
Actividade B.3	Edición dun monográfico sobre o Xeodestino Trevinca-Valdeorras	18.000,00€	13.846,15€	4.153,85€
Actividade B.4	Participación en feiras sectoriais	6.887,20€	5.297,85€	1.589,35€
LIÑA DE ACTUACIÓN C. FORMACIÓN				
Actividade C.1	Formación e avaliación SICTED	6.000,00€	4.615,38€	1.384,62€
TOTAL		65.000,00€	50.000,00€	15.000,00€



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia, autonomía de xestión, tesoureira e patrimonio propios, creado, o abeiro da lexislación de réxime local, pola Deputación de Ourense, da que depende e a cuxa Presidencia está adscrito, que forma parte do sector público institucional provincial, organismo autónomo dos referidos no artigo 2.2.a) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), que ten a consideración de administración pública nos termos establecidos no artigo 2.3 da citada LRXSP.

Que o consello reitor do INORDE, en sesión celebrada na data 7 de abril de 2022, aprobou a subscripción, con todos os concellos que integran o xeodestino Trenvinca-Valdeorras (O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín,





Rubiá, A Rúa, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras), dun convenio de colaboración para a execución dunha serie de actividades que forman parte do Plan Director do xeodestino. En virtude deste convenio de colaboración, os municipios interesados encomendaron ao INORDE a función de ente xestor do Plan Director do xeodestino, no ámbito das competencias municipais, delegando neste organismo autónomo o exercicio das competencias necesarias para executar a primeira fase do dito Plan. O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio.

Que o xeodestino Trevinca-Valdeorras está composto polos concellos de O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Rúa, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras.

Polo tanto serán os concellos de O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Rúa, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras os beneficiarios dunha ou varias actividades enmarcadas neste convenio.

Terceiro.- Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Trevinca-Valdeorras, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase, ademais, no eido competencial da Axencia de Turismo de Galicia.

Cuarto.- Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlase na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen



que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente no medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiárase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

A través deste convenio, outórgase ó Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

